

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE “XESTIÓN E DOCENCIA DO CONSERVATORIO ELEMENTAL E ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE CAMBADOS”

1. Obxecto do Contrato.

O obxecto do contrato determinase no Prego de Cláusulas Particulares e, en concreto na súa cláusula primeira, na que se establece que o obxecto do Contrato é a prestación do servizo de “XESTIÓN E DOCENCIA DO CONSERVATORIO ELEMENTAL E ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE CAMBADOS” cuxa codificación é CPV 80000000-4 “Servizos de ensinanza e formación”.

A prestación do servizo realizarase consonte ás condicións e características establecidas no presente Prego de Cláusulas Administrativas e no Prego de Prescricións Técnicas.

2. Proxecto de xestión a presentar polos concorrentes.

As persoas que concorran a este proceso, deberán presentar un “Proxecto de Xestión” no que se expoñan as liñas directrices que se pretendan desenvolver para a prestación do servizo e que será avaliado consonte ao disposto no prego de cláusulas administrativas particulares.

3. Recursos humanos afectos ao servizo.

3.1. A entidade adxudicataria está obrigada a aportar os medios persoais suficientes para a prestación do servizo de acordo cos requirimentos previstos na presente cláusula.

3.2. A adxudicataria está obrigada a subrogarse en todas as relacións laborais que actualmente presten servizos para a actual adxudicataria e que estean adscritas ao servizo obxecto de licitación, e todo iso, sen prexuízo da nova adxudicataria de adoptar as medidas sociais necesarias para adecuar esas relacións laborais ao Proxecto de Xestión que se adxunta á súa proposta.

3.3. Funcións do persoal adscrito ao servizo.

O persoal adscrito ao servizo terá as funcións que para cada categoría se establecen na normativa de aplicación para Conservatorios Elementais de Música e para Escolas de Música, en cada caso.



No Conservatorio Elemental existirán cando menos os seguintes cargos: Director ou Directora; Xefe ou Xefa de Estudos; Secretario ou Secretaria.

O cadro de profesorado, de persoal administrativo e de servizos a subrogar relaciónase no Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares.

Tanto o persoal directivo como docente, de administración e servizos, poderá prestar servizos simultaneamente en ámbolos dous centros, toda vez que comparten o mesmo edificio e instalacións.

Sen ánimo exhaustivo as funcións do persoal serán as seguintes:

3.3.1. Funcións do persoal docente.

- A docencia e programación da docencia, para o que deberá dispor do instrumento musical propio para o desenvolvemento das clases que imparta.
- A avaliación da actividade docente.
- A titoría, atención ao alumnado e ás familias.
- Respetar o proxecto pedagóxico e curricular, así como a metodoloxía a empregar nas diferentes modalidades formativas.
- A coordinación pedagóxica coa propia equipa docente.
- A xestión académica, dentro do seu ámbito propio de responsabilidade.
- Todas aquelas funcións propias do persoal docente que a equipa directiva poida encomendarlle.
- A realización de actividades extraordinarias fora do seu horario habitual e incluídas no Proxecto Pedagóxico e de Xestión presentado coa solicitude.

3.3.2. Funcións do persoal directivo.

As funcións propias de **Dirección, Xefatura de Estudos e Secretaría**, que son as establecidas no Decreto 223/2010 de 30 de decembro.

3.3.3. Funcións do persoal administrativo.

- Confección e tratamento da documentación administrativa necesaria dos centros.
- Mantemento e incorporación de datos aos programas informáticos.
- Atención telefónica, presencial e por e-mail ás persoas usuarias do servizo.
- Colaboración na relación diaria do alumnado e cos profesores: control de asistencia, incidencias, etc.
- Tramitación do proceso de matriculacións e pre inscricións.
- Xestión de altas e baixas do alumnado, cambios de grupo, cambios de nivel, etc.



- Control, seguimento e xestión de toda a información xerada na Escola Municipal e no Conservatorio.
- Todas aquelas funcións de carácter administrativo que a equipa directiva poida encomendarlle.

3.3.4. Función do persoal subalterno (conserxes).

- Atender as necesidades do centro.
- Recepción de visitas.
- Procurar a conservación das distintas dependencias do centro.
- Coidado e vixilancia das instalacións e control das persoas que entren e salgan das mesmas.
- Velar por que se manteña unha situación de tranquilidade e orde nos espazos comúns fundamentalmente durante a impartición da docencia ou a realización de actuacións musicais.
- Abrir e pechar as portas de acceso ás instalacións.
- Facerse cargo das entregas e avisos, dándolle traslado aos seus destinatarios.
- Realización de recados e compras de material necesario para o funcionamento da Escola Municipal de Música e Conservatorio.
- Ter ao seu cargo o acendido e apagado das luces nas distintas dependencias, e o normal funcionamento dos servizos de acondicionamento.
- Colaborar co persoal docente nas súas actividades de carácter práctico.
- Todas aquelas actividades similares ás anteriores e que se entendan comunmente propias de tal categoría profesional.

3.4. As entidades concorrentes deberán incluír na súa proposta as seguintes informacións:

3.4.1. Proposta de persoal directivo e docente.

3.4.1.1. Proposta nominal de cadro directivo, tanto para o Conservatorio como para a Escola, onde deberán estar explícitos o nome e apelidos das persoas propostas para a Dirección e Xefatura de Estudos de ámbolos dous centros. Os cargos directivos poderán ser exercidos simultaneamente nos dous centros se así se considera oportuno. No caso de que se desexe facer valer a experiencia profesional en cargos similares ao efecto de baremación da plica, deberá presentarse acreditación suficiente da mesma.



3.4.1.2. Número de docentes, con indicación da titulación que aportarán, e de acordo coas necesidades docentes que se detallan no cadro de prazas ofertadas segundo o punto 5 desta convocatoria.

3.4.1.3. O adxudicatario comunicará ao Concello a listaxe completa e nominal de persoal docente e administrativo con anterioridade ao inicio da actividade lectiva. Igualmente, comunicará calquera variación sobrevida con xustificación da causa que a motiva.

3.4.2. Proposta de persoal non docente.

A adxudicataria deberá dispoñer como mínimo dun empregado coa categoría profesional de persoal administrativo para a xestión da documentación administrativa e académica dos dous centros, funcións de información á Comunidade Escolar e confección de Informes previstos nos presentes Pregos ao Concello.

Igualmente deberá dispoñerse do servizo do empregado ou empregados precisos para a atención do servizo de Conserxería necesario durante o tempo de apertura do Centro.

3.5. Aspectos comúns ao persoal docente e non docente.

3.5.1. Procedementos de contratación: o adxudicatario poderá contratar de acordo con calquera das modalidades previstas pola normativa laboral e convenios vixentes nos respectivos sectores de actividade.

3.5.2. En ningún caso as relacións laborais entre o persoal do servizo e o adxudicatario implicarán dependencia deste persoal respecto do Concello de Cambados. A adxudicataria será a única responsable das obrigas derivadas dos contratos de traballo subscritos, aínda cando as eventuais medidas extintivas da relación laboral que se adopten deriven do cumprimento e/ou interpretación deste Contrato administrativo. En consecuencia, será de exclusiva conta da adxudicataria a retribución do persoal que se empregue na execución do Contrato, sendo igualmente, do seu cargo, todos os custes sociais e/ou laborais que se deriven da lexislación vixente e Convenios laborais que afecten ao servizo.

3.5.4. A adxudicataria deberá retribuír axeitadamente ao seu persoal, de acordo co establecido nas cláusulas administrativas destes Pregos; e asumindo en exclusiva o custe de calquera mellora nas condicións de traballo e nas



retribucións do persoal, sen prexuízo da solicitude de revisión de prezos que se establece nos pregos desta convocatoria.

3.5.5. A adxudicataria prohibirá aos seus traballadores a percepción de calquera tipo de gratificación, doazón ou contraprestación económica por parte das persoas usuarias do servizo, ou dos seus familiares, ou ex-usuarios do servizo, constituíndo estes feitos, no caso de suceder, un incumprimento laboral moi grave, e no caso de ser consentido pola adxudicataria, un incumprimento moi grave do presente contrato do Prego de Cláusulas Administrativas.

3.5.6. O adxudicatario asumirá a responsabilidade civil propia e a do persoal adscrito ao servizo mediante a contratación das Pólizas de Seguro que precise. O Concello incluírá ao alumnado do Conservatorio e da Escola de Música dentro da cobertura do Seguro de Accidentes de que dispón para os servizos educativos xerais do Concello.

4. Recursos materiais afectos ao servizo.

4.1. O Concello de Cambados porá a disposición do Servizo do Conservatorio e Escola Municipal de Música os locais que actualmente se dedican a tales funcións, e sitios no Auditorio da Xuventude, co mobiliario e dotación que actualmente conteñen.

4.2. A descrición dos espazos inmoables é a seguinte:

- Planta baixa: vestíbulo principal, aseos e 1 despacho de administración xeral.
- Planta primeira: aseos, biblioteca e fonoteca, 1 aula de música e movemento, 1 aula de clases colectivas, 1 sala de profesores e 1 aula instrumental.
- Planta segunda: 1 aula de clases colectivas, 2 aulas instrumentais, 1 despacho de dirección, Xefatura de Estudos e Secretaría.
- Igualmente, o edificio dispón dun Auditorio polivalente na Planta Baixa de uso compartido con outras actividades do Concello. O adxudicatario deberá precisar a estimación de uso regular que solicita deste espazo para o desenvolvemento das súas actividades. O Concello determinará a reserva de uso que concede ao servizo do Conservatorio e Escola Municipal de Música, sen prexuízo de que o Auditorio poida ser solicitado polo Conservatorio ou a Escola Municipal de Música para outros usos puntuais. A autorización destes usos non regulares será



facultade do Concello, unha vez recibida a petición e valorada a dispoñibilidade do espazo solicitado.

4.3. O Concello farase cargo das obras que sexan precisas para o cumprimento dos requisitos físicos dos Centros conforme á normativa vixente, así como dos Plans de Autoprotección e Seguridade do Inmable. Tamén se fará cargo dos custes de conservación e mantemento do inmable. O adxudicatario responderá do bo uso das instalacións de acordo coa actividade desenvolvida.

4.4 O Concello asumirá os custes de servizos xerais do inmable: auga, electricidade e calefacción. Tamén irá pola súa conta o servizo de limpeza.

4.5. En razón da titularidade municipal do servizo, o Concello asumirá o servizo de telefonía do que dispón na actualidade o inmable. Porén, o Concello poderá retirar este servizo no caso de que se observe un gasto inxustificado do mesmo, previa advertencia ao adxudicatario desta circunstancia.

4.6. A descrición-inventario do material non inmable afecto á actividade que o Concello de Cambados pon a disposición do adxudicatario é o que se relaciona no Anexo III deste Prego.

4.7. O adxudicatario correrá cos gastos de mantemento e uso do material informático e de reprografía que se pon a súa disposición.

4.8. O adxudicatario está obrigado ao coidado e mantemento en bo estado do material mobiliario e non mobiliario posto á súa disposición. No caso de que se producisen deterioracións, danos ou perdas como resultado dun uso indebido ou negligente do mesmo, o adxudicatario deberá responder dos mesmos.

4.9. O adxudicatario poderá solicitar do Concello a adquisición de novo material mediante exposición motivada. Así mesmo, poderá completar a dotación con material de adquisición propia, que permanecerá neste último caso, na propiedade do adxudicatario. A dotación a maiores de material para o servizo por parte do adxudicatario será valorada no apartado de Melloras do Baremo, e especialmente, no caso de que tales dotacións se fagan a beneficio do patrimonio do Concello.

4.10. A empresa adxudicataria colaborará co Concello na xestión do alumnado, matrícula e renuncias.



5. Servizos e prazas de alumnado.

O servizo obxecto de prestación comprende atención ás dúas ensinanzas e Centros coas súas particulares normativas.

5.1. Ensinanzas Elementais de Música:

De acordo coa regulación establecida no Decreto 198/2007, de 29 de setembro da Consellería de Educación e O.U. polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial da música, e demais normativas de desenvolvemento. Consecuentemente, estarase ao disposto na normativa no referido a materias que conforman o currículo, tempos lectivos e rateos. En calquera caso e para o curso 2018/2019, a oferta educativa, por especialidades e número de alumnado en cada unha será inicialmente facilitada polo Concello, que se incluírá como Anexo IV a este Prego.

5.2. Ensinanzas da Escola de Música:

De acordo co establecido na Orde de 11 de marzo de 1993, da Consellería de Educación e OU pola que se regulan as condicións de creación e funcionamento das Escolas de Música e Danza da Comunidade Autónoma de Galicia. Consecuentemente, estarase ao disposto na normativa no referido ás materias de obrigada oferta e matriculación para o alumnado. En calquera caso, e para o curso 2018/2019, a oferta educativa para cada unha das materias e con indicación do alumnado nas mesmas será inicialmente facilitada polo Concello, no anteriormente citado Anexo IV.

5.3. En desenvolvemento da normativa sobre materias e currículo na Escola Municipal de Música, os tempos lectivos mínimos semanais para cada unha das materias ofertadas será o seguinte:

- **Música e Movemento:** 120 minutos e dúas sesións de 60 minutos cada unha.
- **Instrumento:** 30 minutos nunha única sesión. O alumnado que o solicite, poderá recibir 60 minutos semanais, nunha única sesión ou en dúas sesións de 30 minutos cada unha, e sempre que as disponibilidades de espazo e recursos o permitan, unha vez atendida a docencia ordinaria.
- **Linguaxe Musical:** 120 minutos e dúas sesións de 60 minutos cada unha.
- **Coro, Banda de Música ou Orquestra de Cordas:** 60 minutos nunha única sesión.



5.4. O adxudicatario poderá aumentar a oferta de prazas tanto no Conservatorio como na Escola de Música en relación co marco de número de prazas establecidas no prego de cláusulas administrativas, pero nunca diminuíla, agás nos casos de renuncia á matrícula. En calquera caso, o aumento da oferta terá en conta as dispoñibilidades de recursos materiais que se especifican nestas condicións técnicas.

5.5. O adxudicatario poderá ampliar a oferta de actividades existentes, especialmente no referido a actividades de dinamización e promoción das ensinanzas musicais.

5.6. O adxudicatario poderá ofertar, sen prexuízo da atención ás materias prescritivas das respectivas ensinanzas, ademais outros servizos como:

- **Servizo de Pianista Acompañante.**
- **Cursiño preparatorio para o acceso ao 1º curso do grao elemental.**
- **Actividades preparatorias para a realización de probas de acceso aos estudos de Grao Profesional de Música.**

Estes servizos realizaranse sen custe algún para os usuarios interesados e de acordo coas dispoñibilidades de recursos dos centros.

5.7. Para todas as materias e servizos ofertados para o curso 2019/2020, así como para os seguintes, o Concello percibirá as taxas de matrícula aprobadas en virtude da Ordenanza Reguladora da Taxa por ensinanzas especiais en establecementos docentes nas entidades locais (Escola Municipal de Música e Conservatorio Elemental), publicadas no BOP correspondente. O adxudicatario poderá propoñer cambios na estrutura das materias da Escola de Música de cara a unha maior eficacia académica e pedagóxica, sempre de acordo coa normativa vixente.

6. Calendario de actividades lectivas.

6.1. O calendario das actividades lectivas tanto no Conservatorio Elemental como na Escola Municipal de Música será o que se publique para cada curso académico por Orde da Consellería de Cultura, Educación e O.U.

6.2. O horario de actividade lectiva tanto do Conservatorio Elemental como da Escola Municipal de Música está dentro da franxa horaria das 15:00 horas ás 22:00 horas, de luns a venres. Excepcionalmente, e en atención a necesidades especiais, poderase autorizar a apertura dos Centros para actividades lectivas fora de esta franxa horaria,

Praza do Concello, 1 * 36630 - CAMBADOS * Tfños. 986-52.09.02 /09.43/09.51 * Fax: 986-52.48.66 * Nº Rexistro Entidades Locais: 01360062 * C.I.F.: P-3600600E



Cod. Validación: 3HWCPZ66TZ55D5W6RF6WA66YY | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 14



Cod. Validación: 7L6MGW9TQMCAQZ7FAFK42TRXD | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 14

previa petición xustificada e aprobación polo Consello Escolar do Centro, no seu caso, e autorización por parte do Concello.

6.3. Igualmente poderase autorizar polo Concello a apertura dos Centros fora do horario e calendario lectivo para a realización de actividades de dinamización e promoción das ensinanzas musicais (complementarias e extraescolares), previa petición ao Concello.

7. Seguimento do contrato de prestación de servizos.

7.1. O adxudicatario facilitará ao Concello cantos informes se lle soliciten en relación co funcionamento do Conservatorio Elemental e Escola Municipal de Música, especialmente ao efecto de petición e trámite de subvencións e actualización de taxas.

7.2. Constituirase unha comisión de seguimento integrada do seguinte xeito:

Por parte do Concello: O Alcalde/Alcaldesa do Concello de Cambados, ou persoa na que delegue, que actuará como Presidente/Presidenta da Comisión, un concelleiro ou concelleira designado pola Alcaldía como representante do Concello no Consello Escolar do Conservatorio Elemental.

Por parte do adxudicatario: Un representante da empresa ou director/directora do Conservatorio Elemental.

A Comisión de seguimento terá carácter deliberatorio e reunirse por convocatoria da súa Presidencia, coa periodicidade e mediante o procedemento que o Concello estipule.

ANEXO I

CADRO DE PERSOAL DOCENTE E DE SERVIZOS COA DETERMINACIÓN DOS CUSTOS LABORAIS

Praza do Concello, 1 * 36630 - CAMBADOS * Tfños. 986-52.09.02 /09.43/09.51 * Fax: 986-52.48.66 * N^o Rexistro Entidades Locais: 01360062 * C.I.F.: P-3600600E



Cod. Validación: 3HWCPZ667Z55D5W6RF6WA66YY | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 14



Cod. Validación: 7L6MGW9TQMCAQZ7FAFK42TRXD | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 14

- 2. Docentes de piano.
- 1. Docente de guitarra.
- 1. Docente de violín.
- 1. Docente de violonchelo.
- 1. Docente de clarinete.
- 1. Docente de frauta traveseira.
- 1. Docente de saxofón.
- 1. Docente de trompeta.
- 1. Docente de trompa.
- 1. Docente de trombón.
- 1. Docente de tuba/bombardino.
- 1. Docente de percusión.
- 1. Administrativo/a .
- 1. Conserxe.
- 1. Auxiliar Administrativo.
- 1. Docente de Oboe.
- 1. Docente de Música e Movemento.
- 1. Docente de Guitarra.
- 1. Docente de Acordeón.

Información acerca das condicións de subrogación nos contratos de traballo (Artigo 130 da LCSP)

Categoría	Instrumento	Tipo contrato	Xornada sem.	% xornada	Antigüidade	Nómina	Seg. social	Meses efectivos	Custo anual
Profesor/a titular	Trompeta	Indefinido (200)	3h / 34h	88	03/10/13	150,00	47,10	9,5	1.872,45
Auxiliar Administrativo	---	Indefinido (200)	19,5h / 39h	500	07/10/14	601,65	188,91	12	10.258,92
Conserxe	---	Indefinido (100)	39h / 39h	1000	04/10/12	1.527,30	479,56	12	24.082,32
Profesor/a titular	Tuba e Bombardino	Indefinido (200)	4h / 34h	117	22/09/14	281,25	88,32	9,5	3.746,04
Profesor/a titular/Director/a	Tromba	Indefinido (200)	28,5h / 34h	838	04/10/12	1.550,00	486,70	12	24.440,40
Profesor/a titular/Xefe/a estudos	Violín	Indefinido (200)	12,5h / 34h	367	05/10/12	631,25	198,22	10	8.542,20
Profesor/a titular / Secretaria	Saxofón	Autónomo	25h / 34h		01/01/13	1275	364,00	12	19.668,00
Oficial Administrativo/a	---	Indefinido (200)	26h / 39h	666	07/01/16	802,74	252,07	12	13.536,84
Profesor/a titular	Guitarra	Indefinido	5h / 34h	147	15/09/15	250,00	78,50	9,5	3.120,75

Custos laborais do persoal a contratar

Categoría	Instrumento	Xornada sem.	% xornada	Nómina	Seg. social	Meses efectivos	Custo anual
Profesor/a titular	Violonchelo	10,5h / 34h	308	593,75	193,57	9,5	8.184,91
Profesor/a titular	Guitarra	8h / 34h	235	500,00	163,00	9,5	6.298,50
Profesor/a titular	Oboe	2h / 34h	58	140,00	45,64	9,5	1.763,58
Profesor/a titular	Frauta	10,75h / 34h	316	530,35	172,88	9,5	6.680,68
Profesor/a titular	Mus. e Movemento	6h / 34h	176	337,50	110,03	9,5	4.294,28
Profesor/a titular	Piano	10h / 34h	294	500	163	9,5	6.298,50
Profesor/a titular	Trombón	4h / 34h	117	250	81,50	9,5	3.149,25
Profesor/a titular	Piano	19,5h / 34h	573	1200	391,20	9,5	15.116,40

Praza do Concello, 1 * 36630 - CAMBADOS * Tfños. 986-52.09.02 /09.43/09.51 * Fax: 986-52.48.66 * Nº Rexistro Entidades Locais: 01360062 * C.I.F.: P-3600600E



Fo
a



Cod. Validación: 3HWCPZ66TZ55D5W6RF6WA6YY | Corrección: http://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 14



Cod. Validación: 7LEMGM9TQM0AQZFAFK42TRXD | Corrección: http://cambados.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 14

Profesor/a titular	Percusión	15,5h / 34h	294	825	268,96	9,5	10.392,62
Profesor/a titular	Clarinete	8,5h / 34h	250	550	179,30	9,5	6.928,35
Profesor/a titular	Acordeón	5h / 34h	147	250	81,5	9,5	3.147,82

Para a docencia das materias comúns: Linguaxe Musical, Educación Auditiva e Vogal, Música e Movemento, poderase contar con docentes específicos, ou poderán impartilas como materias afíns docentes de calquera das especialidades arriba referenciadas.

O cadro de persoal enténdese nominal e segundo necesidades do servizo en canto a réxime de dedicación. Así:

- No caso dos docentes poderá ser polas horas de servizo que se precisen en razón das súas especialidades.
- No caso do/a administrativo/a será por media xornada.
- No caso do/a conserxe será por xornada completa.

Ademais do cadro docente e do persoal de servizos indicado, o centro contará con un equipo directivo conformado cando menos por: Director/a, Xefe/a de Estudos, Secretario/a pertencentes ao cadro de persoal docente do centro. A persoa proposta como director/a do centro, terá como mínimo o Título de Profesor Superior ou Título Superior de Música, en calquera das especialidades recoñecidas pola lexislación.

ANEXO II

RELACIÓN DE MATERIAL QUE DEBERÁ ACHEGAR O CONTRATISTA PARA O SERVIZO DO CONSERVATORIO E ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE CAMBADOS

- 2 Timbais.
- 2 Pratiños de entrechoque.
- 2 Caixas sordas.
- 1 Caixa tambor.
- 1 Saxo alto en Mib.

Praza do Concello, 1 * 36630 - CAMBADOS * Tfños. 986-52.09.02 /09.43/09.51 * Fax: 986-52.48.66 * Nº Rexistro Entidades Locais: 01360062 * C.I.F.: P-3600600E



Cod. Validación: 3HWCPZ667Z55D5W6RF6WA6YY | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 14



Cod. Validación: 7L6MGW9TQMCAQZ7FAFK42TRXD | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 14

1 Trompeta en Sib.

1 Trompa en Fa.

1 Trombón.

1 Tuba tenor.

1 Guitarra calidade estudio.

Praza do Concello, 1 * 36630 - CAMBADOS * Tfños. 986-52.09.02 /09.43/09.51 * Fax: 986-52.48.66 * N° Rexistro Entidades Locais: 01360062 * C.I.F.: P-3600600E



Cod. Validación: 3HWCPZ667Z55D5W6RF6W4A6YY | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 14



Cod. Validación: 7LEMGM9TQM0AQZFAFK42TRXD | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 14

ANEXO III
INVENTARIO DE MATERIAL DE PROPIEDAD DO CONCELLO ANEXO AO
SERVIZO

- 1 Marimba.
- 1 Batería de adulto.
- 3 Pianos de parede.
- 1 Piano de cola.
- 1 Violín 4/4.
- 1 Viola.
- 1 Violonchelo estándar.
- 1 Violonchelo 3/4.
- 1 Contrabaixo estándar.
- 1 Frauta traveseira.
- 1 Clarinete en Sib.
- 1 Fagote mans pequenas.
- 1 Saxofón soprano en Sib.
- 3 Pianos de parede.
- 1 Acordeón cromático (teclado estándar).
- 1 Piano de cola (Auditorio).
- 1 Teclado eléctrico piano (Kawai).
- 3 Teclados de mesa.
- Diverso instrumental Orff para Música e Movemento (placas e percusión variada).



ANEXO IV

CADRO DE ALUMNADO EXISTENTE NO CURSO 2018/2019

140 alumnos/as (Escola Música) (Terceiro Trimestre 2018 / 2019)

39 alumnos (Conservatorio) (Terceiro Trimestre 2018 / 2019)

